



## Concello de Sarria

---

### DECRETO DO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ

Vista a proposta de Bases da Concellería de Educación, Festas, Muller, Xuventude e Integración data 5 de xaneiro de 2021, para a organización do **I EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE ENTROIDO SARRIA 2021**

Vista a proposta da Concellería de Educación, Festas, Muller, Xuventude e Integración con data 5 de xaneiro de 2021.

Vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal por informe de intervención número 0001/2021, de data 5 de xaneiro de 2021.

Por todo o exposto e considerando a competencia da Alcaldía en materia de disposición de gastos e ordenación de pagamentos de acordo cos arts. 21.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 41.17 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras da I EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE ENTROIDO SARRIA 2021, co cumprimento das medidas establecidas por mor da situación sanitaria actual derivada pola Covid-19, que se expoñen a continuación:

#### **REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA I EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE ENTROIDO SARRIA 2021.**

**I.- PARTICIPANTES:** poderán participar todas as persoas veciñas Sarria que o desexen, de forma individual ou familiar-convivinte. Se o participante é menor de 16 anos, precisará autorización da nai, pai ou titor/a legal.

**II.- CONDICIÓN:** Os participantes deberán enviar unha única fotografía na que aparezan disfrazados. Os disfraces non atentarán á dignidade das persoas, reservándose a Concelleira a decisión de aceptala ou non.

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 5TTECWNZ9SRD47LKTTYQ6XX2E | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



## Concello de Sarria

---

### III.- INSCRICIÓN:

A) Data e forma de inscrición e presentación: As fotos remitiranse á dirección de correo electrónico [omix@sarria.es](mailto:omix@sarria.es) entre os días 14 e 19 de febreiro de 2021, e deberán ir acompañadas dos seguintes datos:

1º.- Nome, apelidos e NIF.

2º.- Número de Teléfono de contacto.

3º.- Dirección de correo electrónico

4º.- Autorización no caso de ser menores de 16 anos.

Todos os participantes recibirán un correo de confirmación de participación en 48 horas. De non ser así deberán poñerse en contacto co concello.

As bases do concurso poderanse descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria [www.sarria.es](http://www.sarria.es) e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>.

B) Aceptación das bases: O simple feito de participar co envío da foto significa a aceptación das bases deste concurso.

C) Reprodución das fotos: O Concello adquire os dereitos de reprodución das fotos presentadas que poderán ser publicadas en medios ou redes sociais, así como na páxina web do Concello de Sarria.

D) Tratamento de datos: Os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Sarria, coa única finalidade de xestionar o proceso de participación no Concurso de Fotografía Entroido 2021 Sarria e contactar coas persoas premiadas. En ningún momento se empregará esta información para posteriores actuacións.

As autoras e autores poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos mediante escrito ao correo electrónico, ou ao Concello de Sarria RÚA MAIOR, 14, 27600 SARRIA (LUGO).

O Concello de Sarria comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

---

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 5TTECZW9SRD47LKTTY06XX2E | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## Concello de Sarria

---

### IV.- PREMIOS:

Establécense 25 premios de 100 euros cada un. Pagaranse mediante presentación de factura ou facturas, a nome do premiado ou premiada, expedidas por un comercio ou negocio de hostalería de Sarria cun importe total igual ou superior ao importe do premio.

Poderase elixir calquera tipo de establecemento aberto ao público, sempre que estea dentro do límite municipal do Concello de Sarria, quedando excluídas as grandes superficies ou supermercados xestionados por cadeas.

As facturas presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Sarria xunto coa copia do DNI e o certificado da conta bancaria onde queira que se lle realice o ingreso do importe correspondente ao premio.

### V.- PREMIADOS:

Os premiados serán elixidos por sorteo puro entre tódolos participantes.

### VI.- COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES:

A lista dos premiados publicárase na redes sociais e na web do concello.

VII.- Todas as dúbidas, problemas e queixas que xurdan da interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira.

**Segundo.-** Aprobar o gasto por un importe total de 2.500 euros, con cargo a aplicación 33806.48101 do orzamento vixente (RC 2.021/480).

**Terceiro.-** Publicar as **I EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE ENTROIDO SARRIA 2021** no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Sarria e na web do Concello.

**En Sarria, a data da sinatura dixital ao marxe.**

**Asdo. O Alcalde Claudio Melquiades Garrido Martínez.**

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 5TTECWZ9SRD47LKTTYG6XX2E | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3